

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL  
ANO VIII — NÚMERO 198 — 1.º MARZO 1924

## LEMBRANZA

Coincide a saída d'este número co aniversario da morte de Curros, Pondal e Chané, e queremos adicarilo en sinal de lembranza a aqueles tres grandes galegos e ao patriarca Murguía, a quen, o homenaxe que o pobo cruñés viña rendido todolos anos aos dous groriosos poetas e insine músico, fixose extensivo dende o ano derradeiro. Este mes de Marzal foi o escollido para que o pobo da Cruña en representación de Galicia enteira concurra ao noso cimiterio a colocar frores e coroas nas tumbas onde repousan os catro insines galegos que tanto honraron á Nosa Terra.

Non imos falar n'estas verbas de canto fixeron por Galicia nen do que para ela representan os catro mortos, pois é cousa que temos dito moitas veces e ainda n'este mesmo número figuram traballos con aquel ouxeto.

Limitarémonos somentes a unhas verbas de lembranza querendosa, que non morrerá endexamais, e que sirvan de introito ao número presente.

A NOSA TERRA adicalles hoxe este número da sua patriótica ringleira con fervente admiración e recodo que acrecenta os anos que pasan; e a "Irmandade da Fala" da Cruña, escola de bós galegos, rendiralles pol-a sua parte o homenaxe que adoita anualmente.

Quizais que o d'este ano non poída ter a libre expansión que tiveron os pasados, xá que as circunstancias son outras e hai que contér en moito a expresión de canto sínfisiqüe exaltación dos valores propios. Mais non importa.

Non por eso, cada ún de cantos sentimos na concencia a chamada da Terra Nai, deixaremos de rendir, ademais do público homenaxe, outro mais íntimo en recollimento intenso das nosas almas, lugar sagrado onde ninguén, por moita força que teña, pode penetrar, pensando, sen temor ao impedimento, no que realmente para Galicia representan as grandes figuras de Curros, Murguía, Pondal e Chané.

Que cada galego estude na hora presente, como en todas, á obra galeguista que eles nos deixaron é canto agora podemos aconsellar.

E non queremos rematar estas verbas sen que leven tamén un recodo inextinguible para outros galegos bós e xenerosos que durmen nos cimiterios cruñeses cal son Francisco Tettamancy, Marcial del Adalid e os nosos irmáns na Idea Ricardo Carballal e Xorxe Parga.

Todos eles repousan na paz da nosa Santa Terra pol-a que traballaron deixándonos ben marcado o camiño a seguir por quenes cobizamos a sua redención.

## Murguía, Curros, Pondal, Chané

¿Qué decir, que se non dixerá xá, d'estas catro gorias galegas? Os seus nomes groriosos son d'abondo para se definir a si mesmos e dixi mais do que eu podería decir n'estas verbas de cariño e lembranza patriótica.

Así como todolos pobos ben definidos teñen tamén os seus grandes homes, os homes-cumes, Galicia, pobo con modalidades e características propias, ten tamén os seus

homes representativos, únicos, admirabres. Entre eles figura os catro de quen falo.

Murguía, o cerebro privilexiado, o precursor grorioso que nos deixou entre outras obras grandes, unha historia da nosa Galicia onde os galegos de hoxe podemos ollar a grandeza da Nosa Terra en pasados tempos. Onde podemos ver o que fúmos n'outras épocas adeprendemos a conocer o nso pasado, o noso orixe.

Historia que léndoalos aléntanos a leitar con firmeza pol-o conqueringo d'unha Galicia igual á que él nos amostra no seu libro maxistral e acústicos a abranguer para a nosa Galicia as grandezas e as libertades que n'outrora tivo. Murguía foi o pai espiritual e ourentador das novas xeneracions galegas que teñen a obriga de venerar o seu exelso nome e camiñar co pensamento posto na Terra Nai pol-o camiño que él deixou marcado na sua grandiosa obra.

Curros. O barudo sementador do Ideal santo e nobre. O defensor constante da Galicia escrava e dos desherdados da fortuna e privilexios humanos. O galego xeneroso e patriota. O cantor esgrevio das causas de Galicia e constante fustigador das miserias e cativeces terreas. Deixounos páxinas maravilloosas ateigadas de santo patriotismo que teñen de ser o devocionario dos galegos de hoxe. O forte troveiro do noso idioma do que deixou dito que non morréa endexamais. O perseguido pol-as inxusticias dos homes. Corazón nobre e santo, que latexou fortemente n'un intenso amor á Terra e a quen "as mocedades d'estrelas", que él cantou, terán de rendir en todo momento o homenaxe grande a que se fixo acreedor pol-a sua grandiosa e fecunda labor de enaltecimiento da Terra Galega.

Pondal. O bardo da raza celta. Cantouna con estrofas maxistrás que teñen o sabor das cotías lexendarias. Non foi un poeta popular. Falou para "os bós e xenerosos" e quizais por eso non teña a popularidade que tiveron outros poetas nosos que se adaptaron mais á comprensión das xentes. Se non fixera nada mais abondáballe para a sua glorificación as estrofas víris, rexas e fortes do seu canto aos pinos, o pino galego, árbore simbólico da nosa raza!, que os galegos adoptaron como Hino da Galicia e cuios sons fan latexar os corazóns mozos n'un amor á Terra, que ninguén pode definir nem marcar os seus lindérios. Foi él quen dixo que "a lis virá para a caduca Theria, dos fillos de Breogán".

Chané. Alma enxebre que sublimizou no pentagrama a nosa xá divina música. A música popular galega atopou n'él un dos más fieles e intelixentes intérpretes e deixounos composicións preciosas que decote atopáñase nos beizos dos galegos. Deu grandes días de gloria a Galicia e o seu nome vivirá sempre na lembranza dos galegos de todolos tempos.

Vede ahí catro nomes de todos conocidos e adorados por cantos tivemos a dita de vir ao mundo no chán galego. Admirados e respetados pol-os alleos.

Os catro enalteceron e traballaron pol-a Nosa Terra, adourando e facendo rexurdir as cousas propias. Idioma, costumes, historia. Apóstoles da Santa Idea e visionarios d'un grorioso porvir n'eles temos que ver, os galegos de

**Este número foi sometido á censura militar.**

agora, o exemplo alentador que nos sirva de insígnio para as xeneracións vindoiras.

Unha terra que dá ao mundo estos homes é terra que tén unha alma propia, que non poderá morrer endexamais e que meresce o respeto dos estranos para aquelas cousas que somentes os propios podemos entender.

N'estes momentos de dura proba, que contrasta co exemplo de fora, para os pobos que viven no circulo estreito e cativo onde vive o noso, a obra d'estos catro grandes gallegos tén de ser o bálsamo benfeitor que cure as doenças espirituás que tívésemos e ao agarimo d'as suas enseñanzas, que debemos grabar no noso corazón, agardar por días mais venturosos e felices para a Terra Santa que eles tanto amaron e que agora en pago acóchao no seu seo con xurdia e amorosa quentuar maternal.

Murguía, Curros, Pondal, Chané, divinos mestres e admirables precursores, neste dia e mais ainda n'estes momentos avívase mais rexamente en mí a lembranza e a veneración que decote para vós teño e diante dos vosos nomes escrarecidos renovo, afirmándoo, o voto que teño feito de ser sempre obedente aos vosos mandatos, pensando en todo momento na grandeza e felicidade da nosa Galicia.

VICTOR CASAS.

## A Academia Galega

Por noticias particulares sabemos que se pretende nomear presidente d'ela, na vacante do Sr. Martínez Salazar, ao distinto exemplar de Obras públicas, exalcalde e expresidente de casi todal-as sociedades cruñesas, don Francisco Ponte y Blanco.

Parece que a causa vai ser un feito e queremos denantes que así sexa facer constar a nosa enérxica protesta contra tamaño disparate.

A Academia, que é a representación mais outa dos nosos valores espirituás, non pode estar presidida por quien en todo momento ten demostrado un enorme desconocemento das cousas de Galicia e que non fixo endexamais nada que lle faga acreedor, non xá ao posto de presidente, senón ao de figurar como académico de número. Mais pase esto que xá está consumado e que ademais non é somentes o señor Ponte y Blanco quen se atope n'ese caso. Pero de ningunha maneira, por dinidade de Galicia e pol-o que significa a Academia, débese consentir que prospere tan enorme cacicada.

Despois de figurar como presidentes da Academia os Sres. Murguía e Martínez Salazar, que teñen fondamente demostrado o seu traballo galeguista, cómo se vai tolerar que ocupe tan elevado e representativo posto, quien é completamente analabeto en cousas da Terra e a quien ésta nada lle debe? E que non hai na Cruña quien poída ser presidente da Academia con maiores méritos que o que se pretende elixir? Todos sabemos que os hai, e por eso mesmo é más iniquitabre a actitude descastada e noxenta de quienes aspiran a cometer a más grande cacicada que recordará a Nosa Galicia, tan escarneida de tanto cacique.

Non queremos nós deixar de consiñar a nosa protesta denantes de que tal cousa se cometra, e por eso lanzamos a cousa á publicidade, agardando que cantos sinten de veras o amor á Terra e cariño pol-as nosas institucions representativas, fáganse eco da nosa protesta e axúdennos a tratar de impedir a realización do feito que censuramos. Agardamos que non seremos, nós sós a protestar e confiamos en que habemos de ver como en Galicia se ergue unha voz unánime de protesta, cousa que nunca se faría con más xusticia e verdade en ningunha outra ocasión.

Ainda están a tempo os interesados no asunto, de reconecer o seu erro e poñer remedio a semellante anomalía. Queremos agardalo así na seguranza de que se non se atende o noso consello, froito d'unha imparcialidade indubidable, e lévase a cabo o que se pretende, nos seremos tan comedidos para entón e de veras que diremos cousas gordas que xá fai tempo temos ganas de decir. Outra vez decimos que ainda é tempo de se volver atrás.

\*\*\*

Estráñanos tamén que se non teña feito xa a elección, que debía ter lugar dentro dos catro meses de interinidade e xa van pasados cinco.

¿Tan difícil é atopar un galego con prestixio e conocimentos propios para ocupar dinamente tan alto e cobizado sitial? ¿Ou é que ainda está por nacer e agárdase a que medre?

## Dionisio Fierros

A adicar este número de A NOSA TERRA como merecido homenaxe ás cantos co seu talento, co seu arte e co seu amor souperon horar á Galicia, non podemos esquecer aquel pintor que se chamou Dionisio Fierros, autor de cuadros de tanta sona como "A Muiñeira" e "Romería Gallega", "A salida de misa", "Na eira", "Idilio", "O Mayo" etc., etc., que son do pouco que se conserva como obra de arte onde se poida apreciar como na mesma realidade os tipos, traxes e costumes de Galicia.

Non podemos esquecer ao malogrado Xoaquín Vamonde, cuyos retratos ao pastel trouxeron revolta a aristocracia madrileña; nem o igualmente malogrado Ovidio Murguía, célebre paisaxista, ambos mortos na mocedad, como Xerman Taibo, outro pintor de mérito.

¡Oh! Que falla está facendo a creación d'un museo onde se recollan as obras dos nosos grandes artistas.

XAVIER FRAGA.

Fume vostede con papel

**NOROESTE**

**A tuberculosis produce anualmente na nosa rexión mais de catro mil vítimas**

**ACABA DE SAIR**

**"La Lucha Antituberculosa en Galicia"**  
do Dr. Hervada, que é a obra mais completa que se fixo no noso país en col  
d'aquela enfermedade

**Precio TRES pesetas.— De venda nas principais Librerías.**



## Verbas do noso patriarca

*¡O noso idioma! O que falaron nosos pais e imos esquencendo, o que falan os aldeáns e nos achamos a punto de non entendelo; aquel con que cantaron reis e trovadores; o que, fillo maior da patria galega, nol-a conservou e conserva como un dón da Providencia; o que ainda tén nos nosos labres as dozuras eternas e acentos que van ao corazón; o que agora oídes coma se fose un hino relixioso; o fermoso, o nobre idioma que do outro lado do Miño é a língua oficial que serve a mais de vinte millós de homes e ten unha literatura representada polos nomes groriosos de Camoens e Vieira, de Garret e de Herculano; o galego, en fin, que nos da dereito á enteira posesión da terra onde fumos nados, que nos di que pois somos un pobo distinto, debemos selo; que nos promete o porvir que procuramos e nos dá a certeza de que ha de ser fecundo en ben para nós todos..*

*N'él coma en vaso sagrado en que se axuntan todolos perfumes, áchanse os principás elementos da nosa nacionalidade, de novo negada e ainda mais escarnecida.*



Aquí, nesta terra con límites naturás, con raza, con lengua e historia propias; aquí onde é tan perseverante a fidelidade con que guardamos os recordos do que podemos chamar o noso paraíso, aquí, señores, non importan nen poñen medo as ásperas palabras dos que se din nosos amos. E que teñan en conta que canto mais sufridos fomos, mais direito temos a non seguir sofrindo; tanto mais fixemos o que lles praceu, tanto mais derecho temos a facer o que nos praz; que tanto, en fin, habedes gritado, que é xa hora que a nosa voz pase por enriba da vosa.

Dito esto, calemos xá, e non pensemos scón no que nos compre. Abramos as nosas almas aos novos pensamentos e deixemos chegar o ar que trae as mudanzas certas. Pensemos que non en valde temos en Galicia os restos d'aquele celeste guerreiro, enemigo da xente de Mahoma.

Homes europeos, homes de Cristo, a victoria está por nós. Homes do Korán, os semitas que ainda erran como sombras polas terras de Hespaña, son importantes porque son un perigo e un estorbo. MANUEL MURGUIA.



## A xusticia pol-a man

*Aqués que tén fama d'honrados na vila  
Roubáronme tanta brancura qu'eu tiña,  
Botáronme estrume nas galas d'un día,  
A roupa de cote puñéronma en tiras.*

*Nin pedra deixaron en ond'eu vivira;  
Sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas,  
Ao raso cas lebres dormín nas campías;  
Meus fillos... ¡meus anxos!... que tant'eu quería,  
¡Morreron, morreron, ca fame que tiñan!*

*Quedei deshonrada, muchárom'a vida,  
Fixéronm'un leito de toxos e silvas,  
Y-en tanto os raposos de sangué maldita,  
Tranquilos nun leito de rosás dormían.*

*—Salvádeme, ¡ou xueces!, berrei... ¡Toleria!  
De min se mofarón, vendeum'a xusticia.*

*—Bon Dios, axúdaime, berrei, berrei inda...  
Tan alto qu'estaba, bon Dios non m'oira.*

*Entónces cal loba doente ou ferida,  
D'un salto coa rabia pillei a fousciña,  
Rondéi fasenijo... ¡Ni-as herbas sentían!  
Y-a lúa escondiase, e a fera dormía  
Cos seus compañeiros en cama mullida.*

*Míreinos con calma, e as mans extendidas,  
D'un golpe, ¡d'un soyo!, deixeinos sin vida.  
Y-ao lado, contenta, senteime das vítimas,  
Tranquila, esperando pol-a alba do día.*

*Y-estónces..., estónces cumpreuse a xusticia,  
Eu n-elés; e as leises, na man qu'os ferira.*

ROSALÍA CASTRO.

## ROSALÍA CASTRO

O 23 de Febreiro fixo oitenta e sete anos que ná vella Compostela nasceu Rosalía. A nosa santa Rosalía. A mais grande figura galega de todolos tempos e unha das mais excelsas glorias da Humanidade. O seu nome bendecido perdurará na lembranza da Galicia todo o tempo que a Nosa Terra teña de existencia.

Ela foi a naiciña garimosa de todolos galegos, ela cantou coma ninguén as virtudes e as arelas de redención da Terra Nai.

Para nós, que arelamos tamén a redención da Terra traballando sen acougo no conquerimento de tan nobre afán, o nome de Rosalía siñifica tanto como o mesmo nome de Galicia.

Na sublime autora de "Follas Novas" ollamos decote representada a Terra abenzoada que tanto amamos. Por eso nós, que en todo momento temos no pensamento e no corazón a imaxe veneranda da Terra en que nascimos, temos tamén ao mesmo tempo a imaxe cheia de lús da gran Rosalía.

E nos momentos de mais sufrimento e de mais oustáculos para desenrolar libremente as arelas que ela tivo, revive mais no íntimo da nosa alma o seu nome e todo canto ela nos deixou ao seu paso lumioso a través da vida galega.

Ela, dende o ceo, ollará con amor para quenes loitamos ardientemente pol-o mesmo que ela alentou, e á par que para os seus fillos espirituás terá bendiciós a eito, haberá de ter tamén santas maldições para quenes aldraxan e firen ao pobo que ela amou con amor endexamais igualado.

# EDUARDO PONDAL

## OS PINOS

*¿Qué din os rumorosos  
na costa verdecente,  
o rayo transparente  
do prácido luar?*

*¿Qué din as altas copas  
d'escuro arume, arpado,  
co seu ben compasado  
monótono fungar?...*

*—Do teu verdor cinguido  
e de benignos astros  
confín dos verdes castros  
e valeroso chán,  
nos dês á esquecemento  
da inxuria o rudo encono;  
desperta do teu sono,  
fogar de Breogán.*

*Os bôs e xenerosos  
a nosa voz entenden,  
e con arroubo atenden  
o noso rouco son;  
mais só os iñorantes,  
e féridos e duros,  
imbéciles e escuros  
non os entenden, non.*


*Os tempos son chegados  
dos bardos das edades,  
qu'as vosas vaguedades,  
cumprido fin terán;  
pois onde quér xigante  
a nosa voz pregóa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán.*

*Teus fillos vigorosos  
en quén honor só late,  
á intrépido combate  
dispondo o peito van;  
sé, por tí mesma, libre  
d'indigna servidume  
e d'oprobioso alcune,  
rexión de Breogán.*

*Á nobre Lusitania  
os brazos tende amigos,  
os eidos ben antigos  
con un punxente afán;  
e cumple ás vaguedades  
dos seus soantes pinos,  
d'uns máxicos destinos,  
¡oh grey de Breogán!*

*Amor da terra verde,  
da verde terra nosa,  
encende a raza briosa  
d'Ousinde e de Froxán;  
qu'aló nos seus garridos  
xustillos, mal constreitos,  
os doces e albos peitos  
das fillas de Breogán.*

*Que á nobre prole insinen  
fortísimos acentos;*



*non mólicos concertos,  
qu'ás virxes só ben'stán;  
mais os robustos ecos  
que ¡oh patria! ben recordas  
das sonorosas cordas  
das arpas de Breogán.*

*Estima non s'alcanza  
c'un vil xemido brando;  
calquer requer rogando,  
con voz qu'esquecerán;  
mais c'un rumor xigante,  
subrime e parecido  
o intrépido sonido  
das armas de Breogán.*

*Galegos, sede fortes;  
prontos á grandes feitos;  
aparellade os peitos  
á glorioso afán;  
fillos dos nobres celtas,  
fortes e peregrinos,  
luitade polos destinos  
dos eidos de Breogán.*

EDUARDO PONDAL.

# PONDAL

Chamóuselle o Bardo, e certamente que ningún poeta galego pode merecer coma Eduardo Pondal ese grorioso e tradicional título tan respetado e querido dos celtas.

Pondal, coma os antigos bardos, foi o cantor dos feitos e das espranzas de velllos guerreiros, de xefes de tribus da nosa abolencia; conselleiro e guía da mocedade á que, cos seus versos bariles e simbólicos, abriu un camiño de luz refuxente pol-o que intentamos seguir co peito enchedo de nobres ideales todolos que por amor da Patria, recollimos con agarimo de créntes no mais íntimo do noso corazón a semente espallada pol-o grorioso cantor dos pinos.

Non son quizais tan conocidas como deberan as composicións ademirabres do Bardo, porque a sua mesma grandeza non está ao alcance de todas as intelixencias; mais a medida que o tempo pasa, o simbolismo d'elas engrandécese, resprandéce con novas craridades, e os nobres sentimentos que latexan nelas son a mais fecunda semente do amor à Terra e da sua reivindicación que van acadando novos adeptos.

Pondal fora na sua mocedade poeta "en castelan"; mais, cando doente e fatigado do corpo e do espírito acolleuse ao agarimo da terra onde foi nado, aquela terra de Bergantiños onde medran con profusión selvática de velllos boscos druídicos os rexos carballos e os pinos altivos; onde se espallan as gándaras largacías; onde as searas imensas amarelecen estremecidas pol-o vento soan; onde, en fin, os penedos dos montes lembran os lendarios moimentos céltigos, no cerebro do poeta espertaron novas ideas. E daquela cantou c'un acento mais baril, noutra lingua que fixo estremecer os ecos adormentados da raza; cantou en galego e cantou aos galegos, lembrado o podente pasado d'esta Terra e dos caudillos que a fixeran grande, e amostrou cos seus versos enérxicos e proféticos novos horizontes cara aos que a mocedade galega que cobiza a grandeza da Patria, encamiña os pasos do seu ideal agrandandose en circulos concéntricos resprandente de luz, coma unha radiante e groriosa alborada.

Dos seus versos "en castelan" ninguen se lembra ¡ah! mais as estrofas galeguísimas do Bardo non se esquecen, non. Elas son a semente frutificadora que ha facer de cada neno galego un descentente espiritual do nobre cantor dos pinos; un d'aqueles "descendentes altivos" de que fala nos seus versos.

Por eso o nome de Pondal é cada vez mais venerado.

LEANDRO CARRE.

## Curros Enriquez

Os tempos que vivimos non s'adoitan pra que poidamos dicir en col dos poetas de lingua galega todo aquello que compón a sua sustantividat subxetiva. Mais trátase de facer unha gabanza, e a nosa voz humildosa tén a obriga de resoar nestes momentos.

A semente está no fondo da asoballada veiga, ali posta polos precursores do noso rexurdimento, e canto mais tempo durma nela, mellor acadarán as forzas xermadoras, que os bos e xenerosos agardan con debecer arelosos.

Temos que pensar n'aqueles días de tiranía e servidume en que vivía a poboación labradora, precisamente polos anos en que s'imprentou a primeira edición de "Aires da miña terra", pra decatarnos do valor e sinificación da obra de Curros. As consecuencias da malfadada guerra carlista,

que deixara envenenada a alma dos seus secretos simpatizadores que s'acollían á nova política; a intransixencia relixiosa que quería matar toda manifestación científica e libre, e que, pol-a pluma do padre Cesáreo, bispo d'Ourense, ceibou a pauliña sobre o autor de "Mirando ao chan"; o caciquismo que tina entón todal-as furias das cousas que se incuban e que saen coas inconscencias das pestes e andacios que por primeira vez fan o esperimento no corpo social; todo atafegaba, entullaba, afundía ao pobo galego, que xa traia recorrido un longo calvario, e que somente Deus sabe as espiñas que no porvir o esperan.

Era preciso, pois, que unha alma honrada e podente erguera a sua voz, unxida polos óleos da divina poesía, con acentos d'universalidade—que Galicia era un pobo afectado polos problemas europeos—e ao mesmo tempo vibrando na espiritualidade galega, no seu propio verbo, tanxendo na mesma lira dos trovadores galaicos, que outrora impuxeran á toda a península as nosas arelas civilizadoras.

Curros Enríquez foi o poeta providencial, o verbo redentor, o ¡ea! que espertou todal-as almas dormentes e falias d'esperanza acuciadora.

A mellor e mais verdadeira historia greca, pra estudar a vida interna d'aquel pobo, son as obras teatrás dos tempos groriosos d'Esquilo; nada mellor que os "Prometidos" de Manzoni revelan todo un mundo desconocido de sufriamentos, de virtudes e de vicios, que acostumaron a facer uso de procedimientos mais humanos á esa Clío que somente iba calzada co coturno, e armada de puñal, como a musa da traxedia; fala mais da Hespaña "Don Quixote" que todal-as historias daquel tempo, falto de libertade e de crítica científica para buscar a verdade; e "Aires da miña terra" será o libro eterno, inequívoco, que amostrará ás xeneracions vindeiras, como sofría, como amaba, como sentía as saudades de redención a sagrada e sempre quirida Nai Terra.

Por eso Curros foi tan popular, por eso os pobos queren erguer moimentos á sua memoria, por eso todolos nobres corazóns, que aman a libertade, que son consecuentes coas leis etnográficas que fixeron a nosa persoalidade, bendicen o seu nome, que xuntamente con Rosalía e Pondal, compreta a trinidad sagra, que decote recibirá a nosa mais agarimosa devoción.

Ben sabemos que hai algúin espíritu enteco que mais d'unha ves quiso restar sona ao nome de Curros. Son xa conocidos por todos, e coa sua conduta d'agora ben demonstra que as súas protestas de libertade eran unha hipocrisia. Xa Curros adivinaba a existencia dos desleigados cando dicía:

*"Trocá en homes de ben estes monstruos,  
que nin mesmo que os viran meigallos."*

Curros Enríquez, queiran ou non os desleigados que xesúticamente queren apouigar a sua groria, será sempre o noso poeta nacional; que si Pondal fixo renacer o noso etno céltico coas suas estrofas bárdicas, o autor de "Aires da miña terra" foi o pregón haril e esgrevio que amostrou o camiño do noso porvir e acendeu nas almas o lume pol-a nosa dinificación e libertade.

ASIEUMEDRE.

A Cruña, 23 Febreiro 1924.

## Papel de fumar

# NOROESTE



## Manuel Murguía

N-estes tristeiros días adicados á recordación dos nosos groriosos e inesquenclados mortos, o nome do eisimio galego, do mestre de tantas xeneracions de aquel que á cotío chora noso corazón, é un dos primeiros que xurdirá na memoria de todos.

A gran obra do derradeirro precursor axigántase cada vez mais e co correr do tempo compréndese millor de día en día canto laborou pol-a sua terra ben amada, á que detra a concencia do seu propio valimento e á que sinalou a ruta á seguir no camiño dos altos destinos á que está chamada.

A inmortal parexa Rosalía-Murguía é un símbolo e marca na historia do noso meigo terruño toda unha época: ela veu á ser, cal o lazo de amor que os uniu na vida, o lazo que xunta os tempos vellos e os novos que se avecinan: Foron dous videntes... ¡Loor á sua santa memoria!

E. C. A.

### Cartas a meu affillado

## A política e a moral privada

Querido affillado:

N-estes tempos en que a necesidade d'unha seria renovación de valores é un xeito de postulado que se escuta por ondequer, véñense ás mentes o che falar d'un tema vello, que non por vello e esquecido deixa de ter actualidade. Refírome a relación que hai entre a actuación pública e a moral privada dos políticos,

Houbo unha época, ue cecais arrematou cô século daznove, en que prás xuventudes literarias costituía a bohemia unha necesidade estética. E non había rapaz dado ás letras—sobre todo á poesía—ou á pintura, que se non coídase obrigado a amostrarsse entremedias das xentes con longas quedellas mal coidadas e traxe esfarrafado e co'a cara estigmatizada pol-o descoido e o vicio. Por unha aberración do xuicio, confundían o efecto co'a causa, e tardaron en decatarse de que si as belas artes deixaban de por vida encanfurnados na miseria ós mais outos xenios, non era fácil chegar a xenio con solo imitar por fora, na sua apariencia externa, que poida dar repudiabán eles os primeiros, ós homes de raro talento mais favorecidos pol-as musas.

Ese tempo pasou. A mocedad d'agora cultiva as artes limpa e ben posta. Non lle preocupa decil-as cousas más subrimes despois de tomar-o baño e locindo—si pode—un traxe feito pol-o xastre de moda. Loubemol-a mudanza.

En política douse un tipo na pasada centuria que nos deixou en herdo aquel falso conceuto de que che falo ao encomenzo. E o político romántico. Peón de todal-as asendas e revoltas, espírito inquieto e soñador, tiña un posto ben definido é asinalado nas hostes revolucionarias que tanto abondaron no século pasado. Era home de medias leituras, disposto sempre ao sacrificio pol-a causa liberal. As suas ideias eran tal vez tan pouco profundas como as raíces dos cabelos rizos que, xeneralmente, saíranlle por debaixo do seu chapeo. Nos tempos tranquilos, si o trunfo d'os seus ou a sorte llo permitían, vivía entregado a todo xénero de divertidios. Alternaba as concuras co'a vida galante. As mozas bravías, o viño e o xogo eran unha parte integrante—e non pequena—da sua idealidade. Mais como non fondo abondaba en xenerosidade, non se desdeñaban do seu trato nin da sua compañía os homes de maior alcurnia intelectual e de maior acreditada austeridade do barrio a que él pertenecía. Era necesario, e era humán, disculpar os seus errores. E por eso douse en decir que “aos poli-

## CASTRO CHANÉ

Falar de Chané é falar d'un mago d'a batuta, é ménntase un nome que comenzou á correre de boca en boca axiña de sere creadas por Veiga e Montes as colectividades corales en Galicia; é recórdase os trunfos conqueridos polo “Eco”, cume que foi d'os nosos orfeós.

Tivo Chané, como é natural, os seus panexiristas entusiastas e censores que se mostraban disconformes; o seu arte era favorable aos comentarios mais apasionados, porque Chané foi un artista de *temperamento*, é decir, un *virtuoso* que cantaba n'o seu orfeón ás obras, coma o seu temperamento lle dictaba; non era, pois, d'ises que se limitan a levar ó compás con más ou menos percisión ou limpeza, nin un cego executante d'a letra escrita, sinón un artista que por enriba de todo *interpretaba*, é toda interpretación fincase no' dato persoal.

Falar de Chané, como de Veiga e Montes, é recordare unha das épocas de maior afición do noso pobo á música é ao canto, é esa afición n'él tan nativa, o mesmo que toda manifestación artística, debe de ser estimulada, inda que non sexa mais que pol-o interés social é por patriotismo, santa palabra que non tería sentido, senón tivera arte na sua médula..

Mentare á Chané, á Montes e Veiga, é recordare a brillante época dos nosos orfeós, que non deben, non, desaparecer anque sí transformárense, pois os coros gallegos d'hoxe, que xa se van apartando da sua finalidade, non poden sustituirlos.

Adalid, Montes, Veiga, Chané, eiquí os precursores da nosa música contemporánea que honrando a fala meiga de Rosalía, Curros e Pondal, levaron ás valoracions líricas da terra mais aló das fronteiras nativas.

¡Recordémolos! e recordemos tamén aos poetas, aos escritores, aos artistas todol-os bós e xenerosos que dormen no chán bendito o *sono de pedra*, e recemos porque o seu espírito rafagué imperecedero nos aire da nosa Terra.

JOSE BALDOMIR.

tico solo se lle debe xusgar polos seus feitos na vida pública".

Baixo o manto protector de esta sentencia, continuou producindose, anque dexenerado, este tipo de home político sin un estreito conceuto da moralidade privada e con sobradas promesas de austerdade na sua actuación pública. Home incapaz de roubar, pero disposto a "birlarlle" a muller ao veciño, a pasar unha noite de cabaret entre cortesanas que empregan "estupafacientes" e a xogar a sua fortuna a un cabalíño ou a souda d'ouros. Todo un home de mundo.

Coido que a él lle debemos, n'unha parte non pequena a relaxación nos costumes públicos do noso país, e que si se quer de veras rexenerar a España, cómprenos antes de nada acabar con él e cõ tópico que lle deu acougo.

Para a vida pública non poden servir sinon homes dunha austerdade e unha virtude exemplar. Non se pode admitir que n'un mesmo individuo se dea para o privado, para o que a él presoalmente se refira, unha ética elástica, según as suas necesidades fisiológicas ou seus desvíos psicolóxicos, e para a política outra ética estreita, axeitada a outa misión dun director de pobos, dun gobernante. Por forza ten de existir sempre unha única raíz ética, quer se trate dos feitos particulares do home público, quer da sua conduta política.

E este é, xustamente, n-o meu parecer, un dos valores que se debe renovar. Que non se repita a inxusticia de que mentras s'alcuma e repudia a Salmérón e Azcárate por unha evolución ideolóxica consciente, se deixe vivir tranquilos, baixo unha criminal tolerancia pública, a homes que, sin o valer de aqueles, viven en perenne contradición. E mester acabar c'os señoritos entremetidos na política, que son a prolífica semente do noso caciquismo.

A tí e aos do teu tempo, afillado, vos compre facer esta patriótica labor. E como non é facil para un rapaz o analizar a un home que engaiola ás xuventudes con belas promesas en proclamas, mitins e conferencias, resumirei o meu consello n'unha formula vulgar, mais que tí as de entender:

Si o político que intentas seguir é home de historia gallante, non-o sigas: pode comprometel-o porvir da tua patria por un capricho de rameira, un desvario alcohólico ou un falso golpe do azar.

ARTURO TARACIDO.

## Sánchez-Miño e Jambrina

Non podía faltar hoxe unha lembranza para estos dous artistas do noso arte escénico.

Eduardo Sánchez Miño e Bernarda Bermúdez Jambrina foron os primeiros que en Galicia intentaron a creación dunha compañía dramática galega. Foron os primeiros que levaron ao teatro o seu espírito apasionado e a sua concepción de grandeza estética para servir con valentía e fé un arte d'aquela rudimentario, que ao impulso do seu esforzo artístico deu os primeiros pasos seguros e firmes.

Non foron certamente estes actores comparabres a un Fontova ou un Borrás na Cafaluña, mais a sua actuación curta, demasiado curta para os seus deseños e para as esperanzas que neles puxemos algúns namorados do Teatro Galego, deixou postos os cimentos do gran moimento que se vai erguendo na nosa terra coas novas producções dramáticas.

Sánchez Miño, o mestre, que adeprendera do gran actor Mario a sua arte de emoción, pois na sua compañía traballou algún tempo, era un home todo ideal e todo pasión que sabía dar aos personaxes que encarnaba a realidade, a vida con que aleñaban na

escena, cautivando o público co seu arte sobrio coa intensidade dramática que imprimía á sua voz, moduladora de todos os sentimentos.

Jambrina, mais vivo, mais vehemente, tiña tamén o poder de entusiasmar, inda que menos artista que o seu mestre, coa simpatía da sua figura e da sua voz, que axudabánlle moito á caracterizar os personaxes de Antón, en "A Ponte", de Paulos en "Mareiras" etc aos que nos momentos dramáticos ou algarimosos sabía darlle a expresión de varil gallardía ou a ternura toda que tales escenas requerian d'un xeito inimitable.

E ao lembrar á estes dous disgraciados artistas, un d'eles, Jambrina, morto nun accidente en plena mocedade e cando a groria encomenzaba a nimbarlle a tésta, traballando ao frente da sua compañía; o outro vencido pola vida, soñando ainda nas suás derradeiras horas na constitución dunha nova Compañía Dramática Galega, non podemos esquecernos d'aquela rapaza que co'eles compartiu aprausos, traballos, e espranzas, morta tamén moi nova, a señora Xulia Anguita.

Queiran os ceos que Sánchez Miño e Jambrina teñan continuadores, e que o que eles iniciaron nun intento nobre que os honra e polo que merecen agraciamiento dos bôs galegos, sexa logo unha groriosa realidade para a nosa Terra.

RAMON ALVARIÑO.

## LECTURAS

EL PAZO.—Armando Cotarelo Valladaor.

Eis unha novela galega. Hai moitos libros por ahí adiante que ostentan con fachenda, e por pura fachenda, estes títulos que non merecen. "El Pazo" si, merez os honronos nomes de novela e de galega. É como tal leímola con fonda satisfacción: a satisfacción que produz como obra de arte, chea de vida, ategada de beleza e de emoción, e a satisfacción tamén de ver unha novela na que se refrexa a vida das vilas galegas; onde viven vellos fidalgos apégados ás grandes dos seus abós inda que sometidos á tristeira realidade dos tempos presentes cheos de penurias, e onde os vellos ciroláns metidos a caciques van adonándose de todo; facendas, concencias, vidas... E simpática nesta obra a tendencia, representada polo estudioso e emprendedor Xavier a intensificar a vida industrial da rexión de cara ao progreso. A idea da gran fábrica de pasta para papel merez ser recollida e levada a praitica.

E pois "El Pazo" unha fermosa novela, prácida ás veces, ás veces fondamente trágica, onde vibra tamén unha orientación de vida nova que quixéramos ver contaxiada á mocedade galega.

Os nosos parabens ao ilustre autor.

LAS CIUDADES DEL CAMINO.—Daniel Martínez Ferrando.

E un libro de viaxes por Italia. Un libro en cuias páxinas, belamente escritas por un poeta, están maravillosamente expresadas as impresións recollidas polo seu espírito de artista, nunha forma que cautiva, distinta de todos os vulgares narracións de viaxes, que xa podemos apreciar no seu libro anterior "A Través de Galicia".

En "Las ciudades del camino" hai palpitacións de vida intensa e hai descripcións que marcan unha tendencia nova na maneira de ver os pobos por onde pasou o inquieto viaxeiro sentimental.

Agradecemos ao distinto escritor o seu valioso presente.

## Introducción aos “Aires da miña Terra”

Escribir nada máis pra unha provincia  
Ou, com’os povos árcades fixeron,  
Escribir sobre a cosca dos curtizos,  
Cálcqua todo ven i ser o mesmo.

A nosa vos, na soledá perdida,  
Morrerá sin deixar xiquera ise eco  
Que a brisa malencónica do outono  
Déixa na capa azul dos ameneiros.

Non pode ser tampouco d’outra sorte:  
Pasaron xa, pra non volver, os tempos  
En que o lenquaxe era unha cifra máxica  
Fáelle solo va sacerdote lebreo.

As xentes tristes que no verbo humano  
Percurran os ideales que entreveron  
Canao o vate interrogan, novo Oráculo,  
Queren revelacións, que non misterios.

Y-escribir nunha lengua conocida  
O’queles sólo que onda nós naceron,  
Qu’én sin responder esas perguntas  
En revesgados xeroulifos pérsicos?

Todo tende á unidá, lei, d’entre todas,  
A mais incusorabre do Progreso;  
Y-él que de cen naciós un povo fixo,  
Un idioma fará de cen dialectos.

Como paran no mar todolos ríos,  
Com’os rayos do sol paran nun centro,  
Todal-as lenguas han de parar nunha,  
Qu’hemos de falar todos, tarde ou cedo.

¿Por qué botar ao público este libro  
Si a división dialética condeno?  
Diredes, con razón, os que leades,  
Si as lédes, estas páginas. Diréivolo:

Cando todal-as ienguas o fin topen  
que marca á todo o providente dedo,  
E dos vellos idiomas extinguídos  
Sola unha fála universal formemos;

Esa fala pulida, idioma úneco,  
Mais qu’hoxe enriquecido, e más perfeito,  
Resume das palabras más sonoras  
Que aquellas nos deixaran como en herdo;

Ese idioma, compendio dos idiomas,  
Com’unha serenata pracenteiro,

Com’unha noite de luar docísimo,  
Será—¿qué outro sinón?—será o galego.

Fala da miña nai, fala armoñosa,  
En que o rogo dos tristes rube ao ceo  
Y-en que decende a prácida esperanza  
Aos afogados e dóridos peitos;

Fala dos meus abós, fala en que os parias,  
De trévoa e polvo e de sudor cubertos,  
Piden á terra o gráu da cór do sangue  
Qu’ha de cebar a besta do laudemio...

Lengua enxebre, en que as ánemas dos mortos  
Nas negras noites de silencio e medo,  
Encomandan aos vivos as obrigas  
Que jamál pocados! sin cumplir morreron.

Idioma en que garulan os paxaros,  
En que falan os ánxeles cos nenos,  
En que as fontes solouzan e marmullan  
Entre os follosos ábores os ventos;

Non, tí non morrerás, céltica musa  
Náda da Suevia nos chouzales pechos,  
Ultimo amor do páleido Macías,  
Atravesado o corazón c’ui ferro;

Fecundo nume do úneco Rei sabio  
Que no solio d’España tivo asento,  
Arpa inmortal da doce Rosalía,  
Do infortunado Añón himno postreiro;

Tí non podes morrer...! Eso quixeran  
Os desleigados que te escarneceron!  
Mais tí non morrerás, Cristo das lenguas;  
Non, tí non morrerás, cuñ Nazareno!

Apóstol teu, anque o más ruín de todos,  
Pr’onde quer levaréi teu Evanxelio,  
O fatelo vistindo de inomimá  
Que fra mofa nas costas che puxeron.

No teu nome, por terras e por mares  
Offereréi paz e salú aos enfermos,  
Falareilles da patria aos desterrados,  
De libertade e redención aos servos.

Anunciaréi o día do teu triunfo  
Por cidades e vilas e desertos,  
E si por te anunciar me apedrearen,  
¡Inda ao morrer té mentarán meus beizos!

M. CURROS ENRIQUEZ.

## FESTAS GALEGAS

**Cantigas da Terra**

O veterano e sempre apraudido coro cruñés celebrou un novo festival no Teatro Rosalía Castro.

E maravillosa a interpretación que lle da ó mestre Fernández Amor á intensa "Negra Sombra". Tamén "A Alborada" do inmortal Veigo foi moi ben cantada. Gustounos pouco en troques "O meu neníño", quizais por falta d'ensaio, non ben matizado.

No tocante a música popular que interpretou o coro, xa lle temos ouvido cousas mellor cantadas; non hai que se dormir nos loureiros.

A sección de declamación interpretou medianamente "Tolerías" de Carré Alvarellos.

Non nos espriamos por qué "Cántigas da Terra" concede tan pouca importancia a unha parte dos festivas que fai desmerecer o conxunto da agrupación.

**Foliadas e Cantigas**

Tamén este coro de Pontevedra celebró festivais en Santiago e Ferrol colleitando moitos aprausos.

Representáronse a comedia "A morriña" e ó pasatempo "A dona do Agrario" de Parada Viso que foron apraudidos.

O coro "Foliadas e Cántigas" gustou moito, tendo que repetir algunas cantigas para complacer aos entusiastas aprausos e vivas do público.

A festa rematou co himno entre atroadores vivas a Galicia.

**En poucas verbas**

Nas Filipinas lóitase pol-a independencia; lóitase tamén por sostér e afincar o idioma hespañol en contra do que os dominadores pretenden impoñerles como lingua oficial.

¿Por qué, si os tagalos falan un idioma, intenta prohibillo e meterlles á forza outro?

¿Por qué, si queren a libertade para a sua terra, e a merecen, asoballalos pol-a forza?

Eses heroicos loitadores son irmás espirituosos, e temos que ver con simpatía a sua nobre actitude.

\*\*\*

Temos novas Diputaciós e novos Concellos.

Ao parecer, das primeiras sairá a "Mancomunidade Galega". ¡Ogallá! Eso sería unha boa obra inda que de momento non fose todo o perfeita que debería.

Dos Concellos, ¿sairá algo proveitoso para a nosa terra?

Un dos novos rexidores da Cruña é aquel Vilar Ponte, que non hai moi tempo predicaba o "arredismo". Agardamos que a sua actuación marque nun fondo senso galeguista o seu paso pol-o Concello.

\*\*\*

Entre os novos rexidores e no posto de primeiro tenente de alcalde figura un señor que cando se invitou para falar no mitin para pedir o ferrocarril a Santiago, dixo poncio mais ou menos estas verbas:

—Yo estoy alejado de toda actuación pública y no quie-

ro preocuparme más que de mi vida privada y de mi profesión de abogado." ; Se acabaron los lirismos!

Se este é o seu programa, apañada está a Cruña. Os demás señores son todos moi boas persoas.

\*\*\*

Os que se chamaban "apolíticos" están agora metidos en todos os Concellos e en todas las Diputaciós.

Folgámonos moito d'eso. Nós dixemos sempre que todo ciudadán debía intervir na política para contribuir co seu esforzo á que as cousas se fixeran ben; a actitude adoptada polos "apolíticos" de antes próbanos que nós tiñamos razón, e ao cabo convencéronse.

A non ser que denantes falaran en apoliticismo por non ter un currunchiño onde se "colar".

\*\*\*

Hai "coincidencias".

Mientras en España impone el castellano como lengua oficial, nas Filipinas impídense falalo por todos los medios.

E os xornaes hespafíoles atopan ben o primeiro, mais censuran o segundo.

**Prensa rexional****"El Pueblo Gallego"**


Dende fai poucos días, a prensa galega conta c'un novo xornal que ven casi a cubrir unha necesidade. A de dar, á nosa prensa, por agora ainda carente de modernidade e amplitud, un novo carácter e unha nova forma que ogallaría moitos imitadores. Acaba de sair en Vigo, no pobo irman, un gran rotativo que leva por nome "El Pueblo Gallego". Diríxeo o cultísimo escritor e brillante periodista Ramón Fernández Mato e na sua redacción e colaboración intervirán algúns dos millores literatos galegos.

Na longa e escollida ringleira de colaboradores ollemos nomes para nós tan queridos como os de Lugrís Freire, Vicente Risco, Peña Novo e outros.

Aparece "El Pueblo Gallego" con un matiz fundamentalmente galeguista, sincero e sentido, non facendo de tan outo sentimento un tópico para engaiolar a parvos como tantas veces temos visto, que meresce as nosas gabanzas.

O novo xornal terá de conquerir longa vida se ha de continuar tan ben como comenza. Falla fai en Galicia, tan orfa de boa prensa, xornás como o que nos ocupa. Diremos somentes na sua gabanza que como galegos felicitámonos da saída do novo colega que con nosco ven a compartir a patriótica labor de traballar pol-a nosa Galicia, e como cruñeses envexamos ao pobo vigués que conte entre a sua prensa local con un periódico tan moderno e tan bon como "El Pueblo Gallego".

Aos seus fundadores a nosa entusiasta e sincera felicitación e para o novo colega o desexo de que conquira unha vida extensa e prena de loureiros.



Edificio do -Kiosco Alfonso - Paseo de Méndez Núñez

## Kiosco Alfonso

Situado no centro do paseo de Méndez Núñez  
E o preferido do público. O mellor local de verano

## Gran Restaurant NO PISO ALTO

Fermoso Salón-Comedor  
Luxosa instalación  
Servicio esmerado

**Cuberto: 4'50 pesetas**

# BANCO HISPANO-AMERICANO

M A D R I D

**Capital: 100 millós de ptas.**

**Dirección telegráfica: HISPAMER**

### SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hispánicos e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupés, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todolos países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	á vista.
2 1/2	por	100	id.	id. a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id.	id. a 6 id.
3	por	100	id.	id. a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

# Banco Español del Río de la Plata

**Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES**

**FUNDADO EN 1886**

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (interida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTÉ FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da Repùblica

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA e HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacíos bancarias nas condicíos más favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual . . . . .	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas., . . . . .	3	"	"
En prazo fixo de tres meses . . . . .	3	"	"
Idem id. 6 meses . . . . .	3 1/2	"	"
Idem id. un ano. . . . .	4	"	"
A máis prazo . . . . .			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

# Vida Marítima e Comercial



## Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correios a os portos  
do BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES

PROISIMAS SAIDAS DA CRUÑA

GENERAL BELGRANO 3 de Marzo

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira es-  
pecial e terceira ordinaria.

Precio en Câmara ..... Libras 42,10

Precio do pasaxe en terceira crás..... 422'60 ptas.

Idem en camarotes pechados ..... 442'60 "

(Incruidos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anti-  
cipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS an-  
tes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía:  
Roxelio Fernández Conde.—Feijoo, 4, baixo.—A Cruña.

## Paraguas ou Sombrillas

Danse a calquer persoa que, fran-  
queando a resposta, escriba a

Rua da Atalaia, 18

Lisboa

(Portugal)

## Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para Pernambuco, Bahía,  
Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires.

Precio en terceira crás  
(incriuidos impostos)

Correo rápido	Orania	23 Febrero	442,60 ptas.
---------------	--------	------------	--------------

Correo rápido	Gelria	5 Abril	442,60 ptas.
---------------	--------	---------	--------------

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, intermedia e 3.<sup>a</sup>  
crás. O vapor «Zeelandia» somentes ademite carga e pa-  
saxeiros de 1.<sup>a</sup>, intermedia e 3.<sup>a</sup> crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros  
que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores  
fixos, magníficos fumadores, cubertas resguardadas, cuar-  
tos de baño, duchas, etc., levando para servicio des mes-  
mos Camareiros, Enfermeiros e Cocineiros hespaños.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pa-  
saxe; maiores de 10, pasaxe enteiro. Para cumplimentar  
as disposiciós arxentinas é indispensabre que todo pasa-  
xeiro presente a documentación con CINCO DIAS de an-  
ticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Agente  
general da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MO-  
LINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xe-  
neral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

## Sobriños de José Pastor BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas  
e toda crás de ferretería

## Fernández, Torres y C. ñia

**Casa central: A CRUNA**

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... { Urbano 75 e 78  
Interurbano 49**VIGO**

Urzáiz, número 1 Teléfono 253